

Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publica a adxudicación provisional dun posto de traballo convocado pola Resolución do 18 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Xustiza

O 18 de xaneiro de 2023 publicouse na intranet de Xustiza e mais na web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución do 18 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

O punto cuarto da dita resolución establece que o prazo de presentación de solicitudes é de cinco días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria (do 19/01/2023 ata o 25/01/2023).

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar e facer pública, no Anexo I da presente resolución, a listaxe da adxudicación provisional.

Segundo.- De conformidade co artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, as persoas interesadas poderán formular reclamacións no prazo de 3 días hábiles contado desde a publicación desta resolución na intranet de Xustiza e mais na web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O director xeral de Xustiza
José Tronchoni Albert

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ANEXO I

LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS

Posto	Director/a do Instituto de Medicina Legal de Galicia
Centro de destino	Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Dirección. Santiago de Compostela (A Coruña)
Código do posto	XG9251810015770301.01
Adxudicatario/a:	Noemí Morte Tamayo

